

PALABRA DE VIDA

Marzo 2026

«Levantádevos, non teñades medo» (Mt 17, 7).

Pedro, Santiago e Juan soben a un monte alto con Xesús e alí ven a gloria do Mestre e oen a voz do Pai que o recoñece como Fillo.

Unha experiencia extraordinaria, cara a cara con Deus, que permite á súa criatura coñecerlo no seu esplendor. O temor fíxoos caer en terra, pero Xesús tócaos e dilles:

«Levantádevos, non teñades medo».

O verbo levantarse é o mesmo co que o Evanxeo adoita expresar a resurrección, así como «non temades» son as primeiras palabras que o Resucitado dirixe ás mulleres xunto ao sepulcro baleiro despois de saudalas (Mt 28, 10; cf. 28, 5). Así pois, as palabras de Xesús, fortes e claras, son unha decidida invitación a unha vida nova, que é posible para os discípulos co toque da súa man.

Tamén nós vémonos ás veces freados polos nosos medos, apesadumbrados polas probas da vida, por situacións sen saída. Non podemos contar só coas nosas forzas para recuperar o impulso do testemuño, senón máis ben coa graza de Deus, que sempre nos precede.

«Quen non pasa por probas? Estas adquiren o cariz do fracaso, da pobreza, da depresión, da dúbida, da tentación... [...] Tamén dá medo a sociedade materialista e individualista que nos rodea, con guerras, violencia, inxustizas... Ante estas situacións pode insinuarse tamén a dúbida: onde foi a parar o amor de Dios? [...] Xesús entrou de verdade en cada dor, cargou con todas as nosas probas [...] El é Amor, e é propio do amor expulsar todo temor. Cada vez que nos asalte un medo, que esteamos angustiados por unha dor, podemos recoñecer a verdadeira realidade que se esconde ahí: é Xesús, que se fai presente [...] deixemos que entre na nosa vida. E logo, sigamos vivindo o que Deus quere de nós, lanzándonos a amar ao próximo. Descubriremos que Xesús é sempre Amor. Así poderemos dicirlle, como os discípulos: “Verdadeiramente es Fillo de Deus”» (Mt 14, 33)¹.

«Levantádevos, non teñades medo».

Quen fixo a experiencia de atoparse con Deus na súa vida queda fascinado pola súa presenza, tocado e curado pola súa Palabra. Con frecuencia, o testemuño dunha comunidade cristiá acompaña nesta aventura divina e dá ánimos para levantarse, para saír dun mesmo e renovar o camiño con Xesús e cos irmáns.

Recollemos o testemuño dunha moza siria: «Ao final do ano pasado o meu país viviu unha se-tuación moi difícil, e a miña cidade sufriu unha onda de caos e de medo. Estaba profundamente preocupada pola miña familia, polos meus amigos e por min mesma. No medio de tanta incerti-dumbre, tentaba manter firme a esperanza en Deus, procurando ser forte a pesar de todo. Antes destes sucesos, xunto cos mozos cos que me comprometo a vivir

¹ C. Lubich, Palabra de Vida de agosto de 2002.

o Evanxeo, planificáramos varios proxectos de apoio a familias necesitadas mediante paquetes de alimentos e outras iniciativas. Pero esta situación obrigounos a suspender temporalmente toda actividade. Ao cabo duns días conseguimos reunírnos: nese encontro atopamos a forza e o valor os uns nos outros. Decidimos non deixarnos vencer polo medo, senón poñer a nosa confianza en Jesús e renovar o camiño que ha-bíamos emprendido. Con fe compartida, conseguimos axudar a máis de 40 familias que realmente necesitaban axuda. No medio desas dificultades sentimos que grazas ao amor de Dios e á nosa unidade podíamos marcar a diferenza.

«Levantádevos, non teñades medo».

Despois de subir ao monte con Jesús para atopar a Deus e escoitar a súa voz, po-demos descender con El para «[...] volver á chaira, onde atopamos a moitos her-mans que soportan penalidades, enfermidades, inxustiza, ignorancia, pobreza material e espiritual»².

Como comunidade cristiá, tamén podemos sufrir e quedarnos confundidos, pero esta Palabra empúxanos a poñernos en movemento xuntos para levar a todos «os froitos da experiencia que tivemos con Deus e compartir a graza recibida»³.

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida

² Cf. Francisco, Angelus, 16-3-2014

³ *Ibid.*